

## Uns 20.000 ascensores galegos teñen máis de 20 anos

REDACCIÓN · PUBLICADO O 15 DE FEBREIRO DE 2017 · (0)

E non contan cos mecanismos de seguridade que teñen os recentemente instalados. Por iso é necesario intensificar a vixilancia entre **proprietarios, empresas mantedoras, organismos de control e administración**. Durante 2017 o sector terá que adaptarse a cambios marcados pola nova **normativa europea**.

---

Para valorar a situación de cada edificio, **antes de ano e medio, a administración galega deberá inspeccionar os de máis de 50 anos** e comprobar as condicións de accesibilidade, eficiencia enerxética e estado de conservación dos ascensores. Máis de **70 arquitectos déronse cita onte na delegación do COAG** da Coruña para informarse sobre as normas europeas que afectan á instalación, como dispositivos de protección contra peche automático de portas e os que prevén **o movemento incontrolado da cabina**.



A presidenta da **Asociación Empresarial Galega de Ascensores**, **Ángeles Ríos**, lembrou que temos en Galicia uns 60.000 ascensores. Deles, o 30% ten máis de 20 anos, é dicir, 20.000. Polo que deberían acometer algún tipo de reforma. “É importante contar con sistemas que permitan poder chegar a calquera lugar sen atopar barreiras, pero sen esquecer que a seguridade”, destacou Ángeles Ríos, “é fundamental que se cumpra coas revisións periódicas obrigatorias e tamén coa corrección dos defectos detectados”.

Durante 2017 o sector dos ascensores terá que adaptarse a unha serie de cambios por unha normativa europea, motivo polo que AEGA, en colaboración coa Federación Empresarial Española de Ascensores (FEEDA) e o Colexio de Arquitectos de Galicia, organizase esta xornada onde **Ramón Frauca, presidente da Comisión de Lexislación e Normativa de FEEDA**, explicou as novas dimensións e características das portas dos ascensores nos pisos.

## **Novas esixencias**

Frauca insistiu na necesidade de que “todos incorporen dispositivos de protección contra o peche automático de portas, sistemas de telealarma que permitan establecer contacto telefónico co centro de atención en caso de emerxencia, mecanismos que impidan que se poida mover o ascensor coa porta aberta, sistemas de precisión de parada para asegurar que se deteña ao mesmo nivel que o chan do piso e evite así caídas, xunto a outros **mecanismos para reducir o consumo enerxético como a iluminación eficiente**”. Este tipo de melloras, que xa incorporan os ascensores novos, son recomendables en todos independentemente da súa antigüidade.

**Iñaki Aranburu, integrante da Comisión de Lexislación e Normativa de FEEDA**, asegurou que é fundamental “fomentar a rehabilitación en edificios onde vivan persoas maiores ou discapacitados”. Manifestou que cómpre “un plan de actuación para a colocación de ascensores ou a adecuación dos elevadores antigos ás condicións básicas de accesibilidade”.